



Memoria económica e de transparencia do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e o Concello de Carballeda de Avia para o desenvolvemento do plan de dinamización da aldea modelo de Muimenta.

Expediente: CNV22_12

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Agader), con CIF Q-1500273F, creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 dedecembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro). Segundo o artigo 6 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), Agader é unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

De conformidade co disposto na Lei 11/2021, Agader promove, mediante a creación das aldeas modelo, a recuperación da actividade económica e social dos terreos de antigo uso agrícola, gandeiro e forestal e daqueles que se encontren en situación de abandono e infrautilización, así como dos núcleos incluídos nelas, co obxectivo de permitir a súa recuperación demográfica e a mellora da calidade de vida da súa poboación. A declaración destas aldeas modelo poderá levar asociada a elaboración dun Plan de dinamización que comprenda, total ou parcialmente, o ámbito clasificado como solo de núcleo rural que se encuentre dentro do perímetro da aldea modelo.

SEGUNDO.- Obxecto.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións necesarias para a elaboración do Plan de dinamización do núcleo rural da aldea modelo de Muimenta, mediante





unha subvención directa da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ao Concello de Carballeda de Avia.

TERCEIRO.- Xustificación do interese público e social da actuación proposta.

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

Neste caso, a singularidade do proxecto reside na necesidade de elaborar varios plans de dinamización a modo de plans piloto que sirvan de referencia sólida para confeccionar un modelo xeral de plan de dinamización que xa estea contrastado previamente de xeito real, posto que actualmente a Consellería do Medio Rural aínda non dispón dun modelo de plan de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo previsto no artigo 118 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que sirva de guía de redacción. Así mesmo, cómpre ter en conta que a diversidade morfolóxica, edificatoria e funcional das aldeas galegas fai imposible que unha única aldea ou plan de dinamización poida ser representativo do conxunto dos máis de 30.000 núcleos de poboación de Galicia.

Por estas razóns, Agader vai experimentar o deseño destes plans de dinamización piloto en varias aldeas que presenten diferentes características, co fin de asegurar que o modelo de plan que se elabore a partir destes proxectos piloto recolla todas as casuísticas posibles e logre xerar un referente para poder implementar políticas de desenvolvemento rural innovadoras. Deste xeito, seleccionáronse catro aldeas modelo (Trascastro, no Concello de O Incio, Osmo no Concello de Cenlle, Muimenta no Concello de Carballeda de Avia e Penedo no Concello de Boborás) para o desenvolvemento de catro plans piloto de dinamización, debido a que presentan diferentes características e distintas orientacións produtivas tanto para a terra agraria como para a posta en valor do ámbito edificado da aldea.

Por outra banda, respecto á concorrencia de interese público, o artigo 118.3 da Lei 11/2021 prevé que a consellería competente en materia de medio rural elabore un modelo de plan de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo que sirva como guía para que os concellos interesados poidan redactalo. Porén, a citada consellería aínda non dispón dese modelo. Estas circunstancias poñen de relevo o interese público en que a Administración autonómica conte cun plan de dinamización para unha aldea modelo concreta, que sirva como referencia xa contrastada na práctica para a elaboración dun modelo xeral de plan de dinamización.

De igual modo, as razóns concretas que xustifican a elección das citadas aldeas, e que dificulta a convocatoria pública de subvencións, son as seguintes: a singularidade da aldea modelo de Muimenta, no só pola súa representatividade





senón polas súas características, constitúe un ámbito territorial idóneo para a implementación dun proxecto piloto que permita contrastar nun entorno real a definición e implementación dun Plan de dinamización que sirva de guía para a elaboración dun modelo xeral pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Muimenta foi seleccionada porque albergará o primeiro Espazo agrario de experimentación segundo o regulado nos artigos 122-125 da Lei 11/2021. Asociado a este espazo, deseñárase un Plan de dinamización centrado na innovación social e no medio ambiente, a través do reacondicionamento de vivendas para persoas con discapacidade intelectual e para a actividade terapéutica e pre-laboral desenvolvida por estas persoas e asociada á actividade agroforestal.

Nesta memoria descríbense as actuacións e investimentos que se pretenden realizar que consisten en síntese:

- Deseño de estrutura de contidos do documento plan de dinamización.
- Desenvolvemento de directrices e propostas.
- Accións de participación veciñal.
- Elaboración do documento final do Plan de Dinamización.
- Compra de terreos e execución de infraestruturas.
- Asesoría Xurídica.

CUARTO.- Financiamento.

Para poder realizar estas actuacións, Agader e o Concello de Carballeda de Avia pretenden levar acabo un convenio de colaboración para o proxecto que se indica por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023.

- PROXECTO: Desenvolvemento do plan de dinamización da aldea modelo de Muimenta.
- ORZAMENTO 2022: 75.000€
- ORZAMENTO 2023: 160.000€
- APLICACIÓN ORZAMENTARIA 14.A1.712A.760.0- CÓDIGO DE PROXECTO 2021-00005.





RESUMO DO ORZAMENTO		
	2022	2023
Deseño de estrutura de contidos do documento plan de dinamización	20.000€	
Desenvolvemento de directrices e propostas		20.000
Accións de participación veciñal		15.000€
Elaboración do documento final do Plan de Dinamización		20.000€
Compra de terreos e execución de infraestruturas	50.000€	100.000€
Asesoría Xurídica	5.000€	5.000€
TOTAL : 235.000€	75.000€	160.000€

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a subvención prevista canalizarase a través dun convenio suscrito co concello, en canto entidade beneficiaria.

Na tramitación administrativa deste convenio incorporaranse os seguintes informes:

- Informe da D.X. de Planificación e Orzamentos.
- Informe da Asesoría Xurídica Xeral.
- Informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou Intervención Delegada.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.





Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A directora xeral da Agader
Inés Santé Riveira

